

LINGUA: Páxinas 168 – 169

1.

O prazo para apuntarse ao obradoiro de espeleoloxía xa acabou; (está diante dun enlace (non obstante) que introduce unha oración longa) non obstante, se alguén está interesado, pódelles enviar un correo electrónico aos organizadores para ver se quedan prazas.

O mago meteu a man dentro do sombreiro e... (indica intriga e sorpresa) sacou un gatiño!

Ana ten camisetas de todas as cores: azuis, negras, vermellas... (indica enumeración non acabada)

Teño que mercar mazás, plátanos e peras na froitaría; hamburguesas e polo na carnicaría; e salmón, pescada e troitas na peixaría. (Nos dous casos separan elementos dunha enumeración que xa inclúe comas).

2.

A primavera prodúcese durante os meses de marzo, abril, maio e xuño; o verán durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro; o outono durante os meses de setembro, outubro, novembro e decembro; o inverno durante os meses de decembro, xaneiro, febreiro e marzo.

Por exemplo: As cidades que me gustaría visitar son Lisboa, París, Estocolmo, Vitoria...

3.

Alberte:

Na cociña tes o bocadillo; a auga e a froita; as botas; o casco e a lanterna están no cuarto; e a toalla e o protector solar atopálos no baño.

Xoana:

Telefonaron da tenda e din que... gañamos o sorteo! Mañá temos que ir recoller o agasallo. Podemos elixir entre unha morea de cousas: roupa, xoguetes, libros, películas... Que ben!

4.

- Son só tres puntos suspensivos. (Tareixa...)

- Sería punto e coma en lugar de coma antes de con todo, xa que vai antes dun enlace que introduce unha oración.

Gústame moito a praia; con todo, mañá prefiro ir á Curota.

- O signo de interrogación ten que ir despois dos puntos suspensivos (mércores...?)